

# PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA CONCELLO DE MEIS



Concello de  
Meis

Novembro 2021

Revisión 2023

## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS .....	6
1.1	INTRODUCCIÓN .....	6
1.2	OBXECTIVOS .....	7
2	MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL .....	8
2.1	MARCO NORMATIVO .....	8
2.2	MARCO INSTITUCIONAL .....	9
3	CONTEXTO FÍSICO E SOCIOECONÓMICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO .....	12
3.1	LOCALIZACIÓN .....	12
3.2	DEMOGRAFÍA .....	17
3.3	ACTIVIDADE POR SECTORES: .....	22
3.4	ECONOMÍA E USOS DO SOLO .....	24
3.5	CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS, XEOLÓXICAS E HIDROLÓXICAS .....	26
4	DESCRIPCIÓN E DIAGNÓSTICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO .....	32
4.1	INTRODUCCION .....	32
4.2	BREVE DESCRIPCIÓN DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO SALNÉS .....	35
4.3	INTRODUCCION O SISTEMA DE ABASTECIMIENTO MEIS .....	36
4.4	ESQUEMA GRÁFICO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA .....	42
4.5	RECURSOS DISPOÑIBLES E ÁREAS DE CAPTACIÓN .....	50
4.6	DEMANDAS E USOS DA AUGA .....	61
4.7	INFRAESTRUTURAS DOS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO .....	67
4.8	RENDEMENTO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO (PERDAS) .....	70
4.9	REGRAS DE OPERACIÓN .....	73
5	CONDICIONANTES AMBIENTAIS E SOCIAIS PARA A XESTIÓN DAS SECAS .....	75
6	O SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN .....	76
6.1	VERTIDOS E EPISODIOS DE CONTAMINACIÓN PUNTUAL: .....	82
7	DIAGNÓSTICO: DEBILIDADES E FORTALEZAS DO SISTEMA DO CICLO INTEGRAL DA AUGA .....	83
8	IDENTIFICACIÓN DE ZONAS, POBOACIÓNS E ACTIVIDADES VULNERABLES .....	86
9	ANÁLISE DE SECAS PREVIAS E PROGNÓSTICOS NUN CONTEXTO DE CAMBIO CLIMÁTICO .....	91
10	DEFINICIÓN E ESCENARIOS DE SECA E CONDICIÓNS DESENCADEANTES .....	92
10.1	CONDICIÓNS DESENCADEANTES .....	93
11	MEDIDAS PARA FACER FRONTE AOS RISCOS POR SECA EN CADA ESCENARIO CONSIDERADO .....	95
11.1	MEDIDAS A IMPLANTAR NO ESCENARIO DE NORMALIDADE .....	95
11.2	MEDIDAS A IMPLANTAR NO ESCENARIO DE PREALERTA .....	96
11.3	MEDIDAS A IMPLANTAR NO ESCENARIO DE ALERTA .....	96

11.4	MEDIDAS A IMPLANTAR NO ESCENARIO DE EMERXENCIA .....	97
12	VIABILIDADE ECONÓMICA DO PLAN .....	98
12.1	ESCENARIO DE NORMALIDADE .....	98
12.2	ESCENARIO DE PREALERTA .....	99
12.3	ESCENARIO DE ALERTA .....	100
12.4	ESCENARIO DE EMERXENCIA .....	101
13	ELABORACIÓN, TRAMITACIÓN, APROBACIÓN E ADOPCIÓN DO PLAN .....	102
14	AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E ADAPTACIÓN DO PLAN .....	103
14.1	Actualización do Plan .....	103
14.2	Seguimento e avaliación do Plan: .....	103
14.3	Adaptación do Plan .....	104
15	ANEXO I: RESUMO EXECUTIVO .....	105
16	ANEXO II: PROCESO DE PARTICIPACIÓN: DESCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN XERADA .....	109
17	ANEXO III: FICHAS DE CARACTERIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO .....	112
18	ANEXO IV: FICHAS DE CARACTERIZACIÓN DAS MEDIDAS .....	127
19	ANEXO V: PLANOS .....	177

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1.	Institucións e/ou axentes con competencias no ciclo integral da auga urbana .....	11
Táboa 2.	Relación dos sistemas de explotación e unidades territoriais de seca prolongada .....	15
Táboa 3.	Demanda urbana .....	16
Táboa 4.	Índices de explotación da UTE 04 .....	16
Táboa 5.	Tipo de demanda déficit de subministración e garantía volumétrica .....	16
Táboa 6.	Poboación (Padrón 2022) .....	17
Táboa 7.	Movements naturais da poboación .....	18
Táboa 8.	Movements migratorios en Meis no 2020 .....	18
Táboa 9.	Evolución da poboación 2010 - 2022 .....	21
Táboa 10.	Datos proxección a curto prazo 2022-2037 .....	22
Táboa 11.	Datos de actividade por sectores .....	23
Táboa 12.	Empresas con actividade segundo actividade principal CNAE 2009 .....	23
Táboa 13.	Usos do solo .....	25
Táboa 14.	Precipitación .....	27
Táboa 15.	Temperaturas medias, media das mínimas e media das máximas( 2011 a 2020) .....	28
Táboa 17.	Captacións recusus hídricos dispoñibles das redes de abastecemento municipais .....	50
Táboa 18.	Volúmenes mensuais comprados á mancomunidade do Salnés .....	52
Resumindo os volumes comprados por ano, temos os seguintes datos: .....		52
Táboa 19.	Volume anuais comprado á Mancomunidade do Salnés. ....	52
Táboa 20.	Captacións individuais de auga .....	61
Táboa 21.	Resumo dos rexistros de lecturas dos contadores dos abonados .....	66
Táboa 22.	Resumo dos rexistros de lecturas por ano .....	66
Táboa 23.	Resumo dos rexistros de lecturas por zonas de abastecemento .....	66
Táboa 24.	Inventario de captacións .....	67
Táboa 25.	Distribución en alta .....	68
Táboa 26.	Distribución en baixa .....	68
Táboa 27.	Depósitos .....	68
Táboa 28.	ETAP Mancomunidade do Salnés .....	69
Táboa 29.	Estados de alerta, prealerta e normalidade .....	74
Táboa 30.	Indicadores de vulnerabilidade .....	83
Táboa 31.	Núcleos de poboación segundo a existencia ou non dunha rede de abastecemento (Fonte elaboración propia con datos de EIEL) .....	86
Táboa 32.	Rangos de vulnerabilidade .....	89
<b>Táboa 33.</b>	Datos de seca estación de aforos 564 río Umia .....	91
Táboa 34.	Escenarios do sistema de abastecemento fronte o risco de seca. ....	92
Táboa 35.	Aportacións ano hidrolóxico 2021-22 (Hm <sup>3</sup> ) .....	93
Táboa 36.	Indicadores de seguimento e condicións desencadeantes .....	94
Táboa 37.	Medidas Normalidade .....	95

Táboa 38.	Medida prealerta .....	96
Táboa 39.	Medidas alerta .....	96
Táboa 40.	Medidas emerxencia.....	97
Táboa 41.	Análise de custos relacionados coa implantación da medida .....	99
Táboa 42.	Táboa resumo valoración económica.....	99
Táboa 43.	Análise de fontes de financiación .....	99
Táboa 44.	Requisitos económicos e administrativos.....	100
Táboa 45.	Fontes de financiación.....	100

# 1 INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

## 1.1 INTRODUCCIÓN

A seca é un fenómeno natural non predicible que se produce principalmente por unha falta de precipitación que da lugar a un descenso temporal significativo dos recursos hídricos. Isto supón unha anomalía transitoria, máis ou menos prolongada, caracterizada por un período de tempo con valores das precipitacións inferiores aos normais na área.

A causa inicial de toda seca é a escaseza de precipitacións (seca meteorolóxica) o que deriva nunha insuficiencia de recursos hídricos (seca hidrolóxica) necesarios para abastecer a demanda existente.

Así a escaseza é unha situación de déficit para atender as demandas o do sistema. Demanda de auga para atender os diversos usos socioeconómicos dende o máis básico do abastecemento estrito aos que usan a auga para a produción agraria, gandeira ou industrial, de ocio ou enerxética.

A seca limita a dispoñibilidade de auga o que provoca problemas sociais, económicos e ambientais (descenso produción agraria, restricións de uso, problemas de saúde pública, aumento da posibilidade de incendios, caída da produción eléctrica en centrais hidroeléctricas,...).

Aínda que o risco actual de seca na nosa demarcación hidrográfica de Augas de Galicia é pouco probable, o escenario climático sinala que as choivas xa son cada vez máis irregulares e as temperaturas medias aumentan polo que a duración e intensidade dos períodos de seca provoca que a seca sexa xa unha ameaza e un risco.

Por outra banda é responsabilidade das entidades locais a subministración de auga, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais.

O presente plan de emerxencia ante situacións de seca enmárcase dentro do apartado 3 do artigo 9 da lei autonómica 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

No apartado 9.3 da lei autonómica 9/2019 sinala que as entidades locais singular ou mancomunadamente como responsables dos sistemas de abastecemento á poboación e atendan unha poboación inferior a vinte mil habitantes poderán elaborar o seu propio plan de emerxencia ante situacións de seca, por si mesmas ou a través da deputación provincial correspondente.

Este plan deberá ter en conta as regras e as medidas que resulten de aplicación conforme o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Sinalar que os plans de emerxencias municipal de risco de seca complementan a planificación estatal e autonómica en materia de seca, a unha escala de detalle máis centrada no territorio municipal, para intentar propoñer accións para minimizar os efectos negativos que poidan producir os escenarios de seca.

## 1.2 OBXECTIVOS

O obxecto deste plan de emerxencia ante situacións de seca é de prever pautas de actuación, establecer os indicadores e accións a levar a cabo ante situacións de seca no sistema de abastecemento de Meis, xestionado polo propio Concello para prever situacións de escaseza e minimizar os efectos negativos ambientais, económicos e sociais de eventuais situacións de seca no municipio.

O presente plan establece como un instrumento de xestión que permite á administración local a toma de decisións e a adopción de medidas para minimizar os efectos adversos das situacións de seca.

O plan de emerxencia e xestión do risco de seca debe, como mínimo:

- Recoller a información básica sobre dispoñibilidade de recursos, infraestruturas e demandas.
- Definir os estados de risco de escaseza do sistema de abastecemento.
- Establecer os limiares de inicio e fin de cada estado de risco de escaseza.
- Definir as medidas a poñer en práctica en cada un dos escenarios definidos.
- Establecer responsabilidades na toma de decisións e na xestión das diferentes situacións de seca.

Este Plan elabórase de acordo ao Plan de Seca vixente e tamén se ten en conta a Proposta de Plan de Seca, utilizando a información de ditos plans e garantindo a compatibilidade de todos os seus obxectivos.

## 2 MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL

### 2.1 MARCO NORMATIVO

O plan municipal de emerxencia e xestión do risco de seca, debe ter en conta os instrumentos legais e normativos, relacionados coa xestión da auga e de risco por secas nos ámbitos europeo, estatal, autonómico e municipal. Detállanse a continuación a normativa máis relevante este respecto:

#### **Legislación comunitaria:**

- Directiva 2006/118/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, ou Directiva Marco da Auga.
- Directiva 98/83/CE do Consello de 3 de novembro de 1998 relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano
- Directiva 91/676/CE do Consello, de 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos.
- Directiva 91/271/CEE do Consello, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas

#### **Legislación estatal:**

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas
- Instrución da Planificación Hidrolóxica aprobada por Orde ARM/2656/2008, desenvolve cun alto grao de detalle as instrucións necesarias para a elaboración dos plans hidrolóxicos e esixe a incorporación nos devanditos plans das medidas contempladas nos plans de seca.
- Regulamento da Planificación Hidrolóxica (RD 907/2007), que desenvolve algúns preceptos legais e completa a transposición da Directiva Marco da Auga ao ordenamento xurídico español
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986) recentemente actualizado a través do RD 638/2016
- Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional (PHN). En concreto recóllese:
  - Artigo 27.2: Os Organismos de conca elaborarán nos ámbitos dos Plans Hidrolóxicos de conca correspondentes, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da presente Lei, plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca, incluíndo as regras de explotación dos sistemas e as medidas para aplicar en relación co uso do dominio público hidráulico. Os citados plans, previo informe do Consello de Auga de cada conca, remitiranse ao Ministerio de Medio Ambiente para a súa aprobación.

- Artigo 27.3: As Administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun Plan de Emerxencia ante situacións de seca. Devanditos Plans, que serán informados polo Organismo de conca ou Administración hidráulica correspondente, deberán ter en conta as regras e medidas previstas nos Plans especiais a que se refire o apartado 2, e deberán atoparse operativos no prazo máximo de catro anos.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano
- Real Decreto 1138/90, do 14 de setembro polo que se aproba a Regulamentación técnico sanitaria para o abastecemento e control da calidade das augas potables de consumo público
- Lei 7/1985 de 2 de abril (consolidada), reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas

#### **Legislación autonómica:**

- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia
- Instrución 2/2015, do 17 de abril, de planificación hidrolóxica da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa

#### **Legislación específica das Demarcacións Hidrográficas:**

- Plan Hidrolóxico 2016-2021 da Demarcación Hidrográfica correspondente, de entre as que teñen territorio en Galicia:
- DH Galicia-Costa, aprobado por RD 11/2016, de 8 de xaneiro
- DH Miño-Sil, DH Cantábrico Occidental e DH Duero. aprobados por RD 1/2016, de 8 de xaneiro
- Plan Especial de actuación en situación de alerta e eventual seca da Demarcación Hidrográfica correspondente, de entre as que teñen territorio en Galicia:
- DH Galicia-Costa. aprobado por Consello da Xunta de Galicia do 1 de agosto de 2013 e publicado por resolución do 5 de setembro de 2013

## **2.2 MARCO INSTITUCIONAL**

O plan municipal de emerxencia e xestión do risco de seca debe recoller neste apartado os axentes e institucións implicadas nos servizos do ciclo integral da auga urbana, incluíndo unha breve descrición de cada institución: nome, características organizativas e principais competencias na xestión do ciclo integral da auga.

O ciclo integral da auga urbana comprende catro servizos complementarios:

- O abastecemento en alta, que inclúe a captación da auga desde as fontes (río, encoro, acuífero, auga de mar) e o seu transporte aos depósitos de cabeceira do sistema de abastecemento. e que se trate (depósitos municipais e/ou da Mancomunidade, no seu caso), e a potabilización da auga nas estacións de tratamento de auga potable (ETAP).
- O abastecemento ou distribución de auga en baixa, que implica a distribución da auga desde os depósitos de cabeceira ata o usuario final (doméstico, comercial, industrial, institucional, etc.).
- A rede de sumidoiros e recollida e canalización de augas pluviais en baixa, que inclúe a recollida de augas residuais desde os usuarios (domicilios, comercios, empresas etc.) cara aos colectores e/ou planta depuradora e a canalización, almacenamento e reutilización (no seu caso), e vertedura de pluviais.
- O saneamento en alta e a depuración, que inclúe o transporte das augas residuais cara aos colectores, o seu tratamento nas estacións de depuración de augas residuais (EDAR) e a súa devolución ao medio en boas condicións ou, no seu caso, a rexeneración e reutilización.

Táboa 1. Institucións e/ou axentes con competencias no ciclo integral da auga urbana


<b>Captación dos recursos</b>	
Demarcación ou Demarcacións hidrográficas a que pertencen os recursos que abastecen ao concello	Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa
<b>Captación dos recursos</b>	
A captación dos recursos do municipio está mancomunado ou consorciado	Presenta dúas redes mancomunadas: Rede de abastecemento municipal de Paradela (Norte) capta as súas augas da ETAP do Salnés Rede de abastecemento municipal de Paradela e Mosteiro capta as súas augas da ETAP do Salnés
<b>Distribución en alta</b>	
Administración ou empresa encargada da distribución en alta ata o depósito municipal	Mancomunidade do Salnés
<b>Distribución en baixa</b>	
Administración ou empresa encargada da distribución en baixa ata os fogares	Concello de Meis
<b>Saneamento</b>	
Administración ou empresa encargada da distribución en baixa ata os fogares	Concello de Meis
<b>Depuración</b>	
Administración ou empresa encargada da depuración	Concello de Meis

No tocante á administración supramunicipal, o Organismo de Bacía da Demarcación Hidrográfica na que se encontra o concello ou sistema de abastecemento é o responsable da asignación dos recursos aos distintos usuarios, así como da protección do bo estado das masas de auga das que se captan os caudais para uso humano o as que se verten as augas residuais tras o seu uso. Por outra parte, é competencia de Augas de Galicia a ordenación dos servizos de abastecemento e saneamento en alta, tal e como se recolle no artigo 11.5.a da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

## 3 CONTEXTO FÍSICO E SOCIOECONÓMICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO

### 3.1 LOCALIZACIÓN


O concello de Meis pertence á provincia de Pontevedra e sitúase no corazón da comarca costeira do Salnés. Limita ó norte cos Concellos de Vilanova de Arousa e Portas, ó leste con Barro e Pontevedra ao sur con Poio, e Meaño e ó oeste con Ribadumia.



Plano 1: Localización de Meis

Meis, cunha superficie de 51,9 Km<sup>2</sup>, é o concello mais extenso da súa comarca. Ten unha poboación 4,791 habitantes distribuídos en sete parroquias:

- Armenteira (Santa María)
- Meis (San Martín)
- Nogueira (San Lorenzo)
- Paradela (Santa María)
- San Salvador de Meis (San Salvador)
- San Tomé de Nogueira (San Tomé)
- San Vicente de Nogueira (San Vicente)



Plano 2: Parroquias e entidades singulares de Meis

Desde o punto de vista morfolóxico, no Concello de Meis distínguense dúas unidades morfolóxicas: a unidade Litoral Cántabro Atlántico e a de vales sublitorais. Isto tradúcese nun relevo suave e baixo e moderadamente plano na metade noroeste do concello e un relevo máis acusado e de maiores altitudes na outra metade.

Desde a perspectiva hidrográfica o concello de Meis sitúase dentro da demarcación hidrográfica Galicia Costa. Esta demarcación comprende o territorio de todas as concas Hidrográficas situadas integramente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as augas de transición a elas asociadas, xunto coas subconcas vertentes na marxe esquerda dá ría do Eo e as augas costeiras ata ou límite sur dá liña con orientación 270° que pasa pola Punta Bazar, ao norte dá desembocadura do Miño e ata ou límite Leste dá liña con orientación 0° que pasa pola punta Penas Brancas, ao oeste dá ría do Eo. Dada a extensión das bacías intracomunitarias de Galicia-Costa (12.991 km<sup>2</sup>) se divide a mesma en Zonas ou Sistemas de Explotación: que son agrupacións das cuncas principais realizadas con criterios hidrográficos e de explotación.


Un sistema de explotación está constituído por masas de augas superficiais e subterráneas, infraestruturas hidráulicas, usos da auga en función da demanda e de regras de explotación que permiten configurar a subministración de auga de acordo cos recursos dispoñibles. Todo iso cumprindo os obxectivos ambientais.

O Concello de Meis sitúase no sistema de **explotación Río Umia e Ría de Arousa (marxe esquerda)** cuxo código de explotación é **04**. En relación con esta unidade de explotación e tomando en consideración a Proposta do Plan Especial De Seca Demarcación Hidrográfica Galicia Costa 2021 introdúcese o

concepto de unidades de xestión territoriais adaptadas aos dous obxectivos da citada proposta: a xestión das situacións de seca prolongada e de escaseza conxuntural.

A diferenza destes conceptos expón a necesidade de establecer unidades de xestión territoriais diferenciadas para ambos.

Así, a seca prolongada está relacionada exclusivamente coa diminución das precipitacións e das achegas en réxime natural, polo que a súa unidade de análise corresponderá con zonas homoxéneas en canto á xeración dos recursos hídricos. Pola súa banda, a escaseza conxuntural introduce a problemática temporal de atención das demandas socioeconómicas establecidas nunha zona, e por tanto as súas unidades de xestión estarán moi relacionadas coas definidas para esta atención das demandas, é dicir, cos sistemas de explotación establecidos no ámbito da planificación hidrolóxica.



Plano 3: Unidades territoriais de seca prolongada

No mapa obsérvase como as unidades territoriais de seca prolongada engloban ás unidades de escaseza conxuntural que á súa vez coinciden cos sistemas de explotación.

Táboa 2. Relación dos sistemas de explotación e unidades territoriais de seca prolongada

UTS	Sistemas de explotación
UTS 01	SE 01
	SE 02
	SE 03
	SE 04
UTS 02	SE 05
	SE 06
UTS 03	SE 07
	SE 08
	SE 09
	SE 10
UTS 04	SE 11
	SE 12
	SE 13
	SE 14
UTS 05	SE 15
	SE 16
	SE 17
	SE 18
	SE 19

O Concello de Meis atópase na unidade territorial de seca (UTS) 01 e dentro desta, como xa se menciona, na unidas de territorial de seca conxuntural 04 que coincide co sistema de explotación (SE) 04.

A continuación e baseándonos nos datos referidos á unidade UTE 04 contidos na PROPOSTA DO PLAN ESPECIAL DE SECA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA 2021, referimos unha breve recensión dos datos mais importantes.

A unidade de UTE 04 está delimitada polo sistema de explotación 04 “Río Umia e Ría de Arousa ( Marxe Esquerda)”. Este sistema está emprazado na marxe esquerda dá Ría de Arousa , sendo a superficie total dá conca 591.30 Km<sup>2</sup>. A súa principal conca pertence ao Río Umia, que ten a súa orixe en Raigoza, e desemboca, formando un delta, na Ría de Arousa, tras percorrer 70 km. O sistema de explotación conta con dous encoros de abastecemento, Encoro de Caldas e Encoro de Con. Ou sistema de explotación localízase sobre dúas masas de auga subterráneas: “14017 Interior sur” e “14002 Caldas-O Salnés”. Ambas as masas estímase que contan cuns recursos renovables dentro do sistema do 21,5% e ou 99% respectivamente. Este sistema de explotación comprende unha poboación de 124.860 habitantes, non ano 2019. Ou Río Umia divide as concas de marxe dá Ría en dúas zonas: Norte e Sur. Na zona norte concéntrase a maior parte dá poboación e dá actividade económica. Os principais núcleos de poboación son Cambados, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa. Na zona Sur dá devandita marxe dá Ría destaca ou núcleo do Grove.

Os volumes de auga concedidos para ou abastecemento ás poboacións (demandas urbanas) son as seguintes, segundo a súa orixe:

Táboa 3. Demanda urbana

Orixe do recurso	Demanda Urbana	
	Demanda Abastecida (Hm <sup>3</sup> /ano)	Porcentaxe (%)
Superficial	10,44	85,57
Subterránea	1,76	14,43
<b>Total</b>	<b>12,2</b>	<b>100</b>

En relación cos índices de explotación: Na seguinte táboa refírense os índices de explotación característicos da UTE 04, expresados no caso de escala mensual pola relación para cada mes entre o valor de demanda mensual e o recurso media en réxime natural dese mes, No caso do valor anual o índice obtense polo cociente entre o valor de demanda anual e o recurso anual do ano media da serie de referencia.

Táboa 4. Índices de explotación da UTE 04

UTE04 Recursos en réxime natural	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	ANUAL 577
	35,8	64,5	93,9	90,9	73,6	62,7	54,9	41,6	24	15,1	10	10,5	
Demanda	1,01	1,00	1,00	1,00	1,00	1,01	1,01	1,01	1,04	1,04	1,05	1,04	12,20


Outro elemento importante para calibrar o estado do recurso son os niveis de garantía. Así os modelos de balance realizados para o plan hidrolóxico proporcionan O cálculo da garantía de cada unidade de demanda, unha vez asegurados os caudais ecolóxicos. Os criterios para o grao de cumprimento da garantía, particulares para cada tipo de demanda, son establecidos pola Instrución de Planificación Hidrolóxica. Achégase unha táboa co déficit de subministración e a garantía volumétrica que alcanza a UTE 04 para cada tipo de demanda establecida.

Táboa 5. Tipo de demanda déficit de subministración e garantía volumétrica

Tipo de demanda	Déficit de subministración (hm <sup>3</sup> /ano)	Garantía volumétrica (%)
Abastecemento a poboacións	0,06	99,91
Agraria	0,03	99,54
Industrial	0,89	98,90
Gandeiro	0,15	98,70
Outros usos consuntivos	-	-
<b>Total Sistema</b>	<b>1,13</b>	<b>93,95</b>

Os balances realizados dan como resultado o cumprimento dos criterios de garantía da IPH en todas as unidades de demanda, a excepción de Cuntis e Moraña.

No seguinte plano descríbense as principais características da rede fluvial da UTE 04.



Plano 4: Principais características da UTE 04

Fontes de datos: Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estatística, visores xeográficos oficiais dos organismos de bacía.

### 3.2 DEMOGRAFÍA

O concello de Meis conta cunha poboación total, segundo o Padrón de habitantes en 2022, de 4.735 habitantes dos cales 2.285 son homes e 2.450 mulleres. Na seguinte táboa indícase a desagregación por idades:

Táboa 6. Poboación (Padrón 2022)

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres
Poboación total	4.735	2.285	2.450
de 0 a 15 anos	554	286	268
de 16 a 64 anos	2.919	1.477	1.442
de 65 e máis anos	1.262	522	740
Poboación estranxeira	71	36	35
Idade media	48,15	46,02	50,12

Na seguinte táboa recóllense os movementos naturais de poboación:

Táboa 7. Movementos naturais da poboación

Movementos naturais da poboación	Total	Homes	Mulleres
Nacementos	31	14	17
Defuncións	60	23	37
Matrimonios	16		
Saldo vexetativo	- 29		


Para ter unha visión global, é importante coñecer tamén os movementos migratorios para o mesmo ano.

Táboa 8. Movementos migratorios en Meis no 2020

Movementos migratorios	Emigracións	Inmigracións	Saldo
Á mesma provincia	112	171	59
A outra provincia	18	15	-3
A outra comunidade	11	26	15
Estranxeiro	6	15	9


Considerando o saldo global, a poboación do concello aumento en 80 persoas, que compensa o saldo vexetativo negativo e provoca un crecemento neto da poboación en 51 individuos.

Con todo, é interesante coñecer os datos, polo menos da última década para ter unha perspectiva máis cabal dos datos. O seguinte gráfico representa claramente que as defuncións están sempre por encima dos nacementos, polo tanto, en todos os anos analizados existiu un saldo negativo do crecemento vexetativo



Gráfica 1: Evolución dos nacementos e defuncións nos 10 últimos anos


. Analogamente, recollemos na seguinte gráfica, os movementos migratorios da última década.



Grafica 2: Movements migratorios na última década

O gráfico mostra unha gran variabilidade de valores, aínda que, se calculamos o valor neto da emigración e de inmigración vemos que durante a década fóronse do concello 1.907 persoas e viñeron 1.968 o que en conxunto dá un balance positivo de 80 persoas.


Por último, resulta pertinente ver cal é a evolución da poboación do concello considerando o crecemento vexetativo e o saldo migratorio esta variable pódese ver na seguinte gráfica.



Grafica 3; Crecemento vexetativo vs saldo migratorio

O gráfico mostra unha singularidade no saldo migratorio no 2015, pero salvo dito ano e o seguinte, o restos dos anos son sempre positivos e presentan unha tendencia ascendente, aínda que o saldo vexetativo é sempre negativo, morre mais xente que nace e ademais a tendencia tamén é descendente, é dicir, de media cada ano agrándase a diferenza entre defuncións e nacementos. Por tanto, é previsible unha compensación de ambos os valores, pero non evitase unha perda de poboación, xa que, se sumamos a perda de poboación polo crecemento vexetativo ao longo da década foi de (-) 244 e o saldo migratorio foi de (+) 81 persoas por tanto o saldo neto é de (-) 163 persoas. A tendencia global no conxunto da década é un lixeiro incremento da poboación, aínda que, perdeuse poboación os anos 2014 a 2017

No último gráfico, mostrase a variación de poboación na última década.



Grafica 4: Variación número de habitantes


Os datos mostran que o concello de Meis alcanzou durante a última década un máximo de poboación de 5.033 habitantes e despois prodúcese unha importante caída de poboación cunha breve repunta no ano 2019, para volver caer no 2020. A caída desde o ano 2014 é de 276 habitantes.

### 3.2.1 Prevision da evolucion demografica

Non existen repositorios oficiais que provean datos sobre a evolución das poboacións a nivel municipal, pero o Instituto Galego de Estatística (IGE) se fornece, no seu portal web, datos desagregados a nivel comarcal, no que denomina proxeccións a curto prazo 2022 – 2037.

Polo tanto, para unha correcta comprensión da evolución da poboación da comarca do Salnes (a que pertence o concello que nos ocupa), analizaremos antes a evolución da poboación de cada concellos da comarca na última década (máis concretamente nos últimos trece anos).

O seguinte gráfico e táboa adxuntos describen esta evolución



Grafica 5: Evolucion da poboacion no periodo 2010 - 2022


Táboa 9. Evolucion da poboación 2010 - 2022

Concellos	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Crecemento neto	% sobre 2010
Cambados	13.872	13.946	13.898	13.544	13.399	13.895	13.977	13.900	13.814	13.744	13.721	13.673	13.671	-201	-1,45%
Grove, O	11.297	11.241	11.236	11.096	10.851	10.801	10.758	10.746	10.700	10.650	10.518	10.699	10.809	-488	-4,32%
Illa de Arousa, A	5.000	5.020	4.981	5.028	5.006	4.956	4.909	4.968	4.958	4.926	4.932	4.951	4.878	-122	-2,44%
Meaño	5.455	5.444	5.453	5.421	5.428	5.382	5.341	5.318	5.315	5.272	5.322	5.314	5.292	-163	-2,99%
Meis	5.003	4.988	4.992	5.007	5.033	5.006	4.844	4.788	4.776	4.791	4.754	4.796	4.735	-268	-5,36%
Ribadumia	5.028	5.107	5.166	5.168	5.103	5.087	5.105	5.081	5.069	5.052	5.105	5.157	5.193	165	3,28%
Sanxenxo	17.500	17.586	17.604	17.582	17.543	17.391	17.314	17.241	17.212	17.347	17.414	17.635	17.760	260	1,49%
Vilagarcía de Arousa	37.926	37.903	37.621	37.741	37.712	37.482	37.283	37.479	37.519	37.456	37.565	37.545	37.677	-249	-0,66%
Vilanova de Arousa	10.682	10.614	10.590	10.502	10.459	10.422	10.406	10.361	10.352	10.302	10.239	10.306	10.240	-442	-4,14%
<b>Total comarcal</b>	<b>111.763</b>	<b>111.849</b>	<b>111.541</b>	<b>111.089</b>	<b>110.534</b>	<b>110.422</b>	<b>109.937</b>	<b>109.882</b>	<b>109.715</b>	<b>109.540</b>	<b>109.570</b>	<b>110.076</b>	<b>110.255</b>	<b>-1.508</b>	<b>-1,35%</b>

Produciuse, ao longo da década, unha redución da poboación neta da comarca en 1.508 habitantes e só dous municipios incrementan a súa poboación Ribadumia e Sanxenxo. Os demais decrecen, en maior ou menor medida, sendo Meis cunha perda de 268 habitantes o segundo concello que máis poboación perde, despois do Grove. Aínda que, en porcentaxe é o primeiro cun 5,36 % sobre a súa poboación de 2010.

En todo caso, a situación pódese resumir como de estabilidade cun lixeiro decrecemento, que no contexto comarcal, supón unha perda de poboación, estes trece anos, do 1,35% . A nivel municipal fluctúa a porcentaxe de perdas entre o 0,66% e 5,38%, e mesmo como se menciona con dous concellos con ganancia neta de poboación de entre o 3% – 5,36 %.

Coñecida a situación da última década, pasamos a analizar os datos das proxeccións a curto prazo 2022 – 2037 fornecidas por IGE No grafico e táboa seguinte pódense analizar este dato.



Gráfica 6: Proxección a curto prazo 2022-2037

Táboa 10. Datos proxección a curto prazo 2022-2037

	Proxeccións de poboación a curto prazo. 2022-2037. Comarca do Salnes																	Diferencia	% sobre 2021
	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033	2034	2035	2036	2037		
N.º de habitantes	110.014	110.291	110.755	111.234	111.689	112.115	112.497	112.843	113.146	113.400	113.596	113.746	113.839	113.887	113.897	113.890	113.850	3.836	3,49%

Tanto na táboa como na gráfica podemos ver unha evolución lixeiramente positiva da poboación, cun incremento neto de 3.836 individuos, pero tamén se observa unha progresiva desaceleración ata que se inviste a tendencia no ano 2035 no que se inicie un decrecemento.

En resumo, o aumento da poboación reflicte unha porcentaxe do 3.49 % da poboación inicial, por tanto, un incremento moderado que mesmo podería ser compatible co decrecemento da mesma nalgún concello da comarca, que dado, a evolución de últimaa década podería ser perfectamente o que nos ocupa.

O conxunto de análises realizadas é compatible con considerar unha pequeno variación da poboación (tanto de decrecemento como de crecemento) que desde o punto de vista da demanda de auga como da xeración de augas residuais é similar á actual.

### 3.3 ACTIVIDADE POR SECTORES:

Na seguinte táboa recóllense os datos de actividade por sectores. Pódese comprobar que a maioría se atopan no sector servizos e en moita menor medida na industria, construción e agricultura.

Táboa 11. Datos de actividade por sectores

Afiliacións en alta laboral por sectores	Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca	152	2021/Setembro	SS
Industria	295	2021/Setembro	SS
Construción	292	2021/Setembro	SS
Servizos	1.125	2021/Setembro	SS

O número de empresas con sede social en Meis por sectores recollese na seguinte táboa:

Táboa 12. Empresas con actividade segundo actividade principal CNAE 2009

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) Datos 2019	Total	Persoas físicas
TOTAL	467	310
1 AGRICULTURA E PESCA	99	94
- Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	99	94
2 INDUSTRIA, INCLUIDA A ENERXÍA	32	14
- Industria manufactureira	31	14
- Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	0
3 CONSTRUCCIÓN	92	46
- Construción	92	46
4 SERVICIOS	244	156
- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	105	67
- Transporte e almacenamento	28	17
- Hostalaría	35	24
- Información e comunicacións	1	0
- Actividades financeiras e de seguros	5	2
- Actividades inmobiliarias	7	0
- Actividades profesionais, científicas e técnicas	15	8
- Actividades administrativas e servizos auxiliares	6	6
- Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria	1	0
- Educación	10	10
- Actividades sanitarias e de servizos sociais	3	2
- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	5	1
- Outros servizos	23	19


Da táboa despréndese que a maior actividade desenvólvese no sector servizos que en todo caso non está asociado a un gran consumo de auga mentres que o sector agricultura con 99 empresas e a industria con 32 empresas se poden estar relacionadas con altos consumos de auga e por último o sector construción con 92 empresas non terían que estar relacionadas cun alto consumo de auga.

### 3.4 ECONOMÍA E USOS DO SOLO

Para realizar este apartado partimos dos datos do SIOSE para o concello de Meis no seu categorización co código CODIIG, no primeiro nivel de lenda.

LENDA CODIIG nivel 1

- Urbano mixto
- Servicio dotacional
- Infraestructura de transporte
- Infraestructura técnicas
- Instalación del sector primario
- Industrial
- Terreno sin vegetación
- Asentamiento agrícola y huerta
- Cultivo herbáceo
- Cultivo leñoso
- Combinación de cultivos
- Combinación de cultivos con vegetación
- Prado
- Combinación de vegetación
- Matorral
- Pastizal o herbazal
- Bosque
- Cubierta de agua



Plano 5: Usos do solo

A seguinte táboa sinala a porcentaxe das distintas superficies dos usos do solo.

Táboa 13. Usos do solo

Lenda	Superficie	%
Asentamento agrícola e horta	1275444.77	2.43%
Bosque	993050.864	1.90%
Bosque	4931059.31	9.41%

Bosque	21332503.2	40.72%
Urbano mixto	1001733.75	1.91%
Combinación de cultivos	2448936.32	4.67%
Combinación de cultivos con vexetación	10602741.5	20.24%
Combinación de vexetación	2193881	4.19%
Cultivo herbáceo	231853.052	0.44%
Cuberta de auga	64582.294	0.12%
Urbano mixto	931490.748	1.78%
Instalación do sector primario	343152.277	0.65%
Cultivo leñoso	49533.161	0.09%
Industrial	366998.534	0.70%
Infraestruturas técnicas	505794.326	0.97%
Instalación del sector primario	46457.676	0.09%
Mato	2545620.85	4.86%
Pasteiro ou herbal	23743.991	0.05%
Prado	202308.968	0.39%
Infraestruturas de transporte	969921.51	1.85%
Servicio dotacional	657725.536	1.26%
Terreo sen vexetación	58145.098	0.11%
Cultivo leñoso	614214.324	1.17%
Total	52390893	100.00%

Dos usos representados son o relacionados coa actividade agrícola, a urbana e a industrial son os que mais auga consumen.

### 3.5 CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS, XEOLÓXICAS E HIDROLÓXICAS


Meteogalicia no territorio do Salnés dispón de varias estacións meteorolóxicas. Escollemos a estación de Torrequintáns código 19056 para os datos das características climáticas do ámbito.

ESTACIÓN METEOROLÓXICA DE TORREQUINTÁNS	
LATITUDE:	<b>42.53713</b> WGS84 (EPSG:4326)
LONXITUDE:	<b>-8.716114</b> WGS84 (EPSG:4326)
ALTITUDE:	<b>52</b> m.

Na seguinte táboa e gráfica refírese á precipitación media (l/m<sup>2</sup>) na estación de Torrequintáns no período 2011-2020.

Táboa 14. Precipitación

Estación Torrequintás Meis. Pontevedra													
PRECIPITACIÓN CHUVIA L/m2 PP_SUM_1.5m													
ANO	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OTU	NOV	DEC	ANUAL
2011	0,0	0,0	96,3	0,0	24,1	14,2	0,0	39,4	7,8	154,4	154,3	70,2	560,7
2012	34,1	0,8	24,7	103,6	87,9	77,2	5,5	29,3	64,5	145,0	181,0	264,2	1.017,8
2013	213,4	94,0	238,8	94,3	59,7	32,4	11,9	6,6	85,4	230,5	120,3	179,2	1.366,5
2014	375,8	310,5	91,8	101,9	70,9	60,0	65,9	29,2	124,3	167,0	296,1	48,9	1.742,3
2015	125,8	131,5	82,0	96,1	75,3	10,3	24,6	63,2	69,8	174,6	48,2	151,0	1.052,4
2016	364,6	263,4	173,2	184,4	128,6	44,0	5,4	17,8	67,8	96,2	161,0	54,4	1.560,8
2017	82,6	208,8	155,4	13,4	142,4	27,0	12,4	17,8	34,0	62,4	83,0	221,0	1.060,2
2018	82,6	208,8	155,4	13,4	142,4	27,0	12,4	17,8	34,0	62,4	83,0	221,0	1.060,2
2019	82,6	208,8	155,4	13,4	142,4	27,0	12,4	17,8	34,0	62,4	83,0	221,0	1.060,2
2020	204,5	104,2	97,7	177,8	33,0	29,3	0,3	103,1	52,0	140,8	109,6	331,3	1.383,6
<b>MEDIA</b>	<b>156,6</b>	<b>153,1</b>	<b>127,1</b>	<b>79,8</b>	<b>90,7</b>	<b>34,8</b>	<b>15,1</b>	<b>34,2</b>	<b>57,4</b>	<b>129,6</b>	<b>132,0</b>	<b>176,2</b>	<b>1.186,5</b>




Grafica 7: Gráfico precipitacións

Na seguinte táboa sinalase a temperatura media, media das mínimas e media das máximas nos anos 2011 a 2020.


Táboa 15. *Temperaturas medias, media das mínimas e media das máximas (2011 a 2020)*

dato	ANO	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OTU	NOV	DEC
T MEDIA	2011	0	0	12,2	0	17,7	17,9	18,8	19,4	18,6	16,6	12,4	9,9
T_MAX	2011	0	0	16,9	0	23,9	23,6	24,2	25,1	24,3	23,8	16,9	14
T_MIN	2011	0	0	3,8	0	9,5	6,9	11	8,7	9,1	5,6	4,2	-0,4
T MEDIA	2012	9	8,3	12,9	10,8	15,6	17,4	18,8	19,1	19,2	14,8	10,8	11,1
T_MAX	2012	14,2	14,7	19,5	14,8	20,3	21,7	24,6	24	25,6	19,6	15,3	14,3
T_MIN	2012	-0,3	-1,9	0,7	2,7	5,9	7,4	8,7	10,6	7,2	2,2	0,6	1,3
T MEDIA	2013	10	9	11,1	12,4	13,1	17	21	21,1	19,9	16,6	11,8	9,6
T_MAX	2013	13,9	13,2	14,3	16,9	18,6	22,3	26,5	27,7	26,3	20,5	15,9	14,6
T_MIN	2013	1,1	-0,6	0,3	2,2	4,6	8,6	11,9	11,2	8,9	3,8	0,8	-1,3
T MEDIA	2014	10,6	10	11,7	14,2	15	18,2	19,9	19,2	19,5	17,7	12,6	9,5
T_MAX	2014	13	13	17,1	18,4	20,4	23,1	25	24,4	24,8	23,4	16,2	14
T_MIN	2014	1,3	0,2	1	5,9	5,3	10,1	11,1	10,3	10,4	10,7	4,4	-1,4
T MEDIA	2015	8,8	8,6	11,4	14,7	16,4	19,6	20,4	19,5	17,2	15,9	13,6	13,2
T_MAX	2015	13,4	12,7	16,5	20	21,9	26,2	26,3	24,5	23	20,6	18,4	17
T_MIN	2015	-0,3	-0,3	1,9	5,4	6,9	8,3	11,4	11	8,6	7,3	2,4	1,6
T MEDIA	2016	11,3	10,1	10,6	12,2	15,2	18,4	21,8	21,3	18,7	16	11,6	10,9
T_MAX	2016	14,6	13,8	15,1	16,8	19,8	23,5	28,9	29,1	25,3	22,3	16,7	17,1
T_MIN	2016	2	-0,8	2	1,6	6,1	9,4	10,4	11,2	9,7	6,1	2	0,6
T MEDIA	2017	8,7	11,5	12,4	14,9	17,4	19,7	20,3	20,5	17,5	17,4	11,5	9,8
T_MAX	2017	14,3	15,9	17,2	21,9	22,6	25,6	26	27	23	25,3	17,7	14,9
T_MIN	2017	-0,8	0,8	1,9	3	4,5	8,4	8,5	10,3	7,6	5,9	0,5	-0,7
T MEDIA	2018	10,2	8,5	10,2	13	15,8	18,4	20,3	22,5	20,7	15,5	12,5	12
T_MAX	2018	13,9	13,4	13,5	17,8	21,1	23,1	24,9	29,7	27,9	21,8	16,2	16,1
T_MIN	2018	0,5	-0,8	0,3	1,5	2,5	10,9	11,9	11,8	11,2	1,3	2,8	1,5
T MEDIA	2019	9	10,8	12,4	12,9	16,7	16,4	20,7	20,3	19,5	15,6	12	10,8
T_MAX	2019	14,5	16,9	18,4	17,9	22,6	21	26,6	25,8	25,4	19,8	15	14,6
T_MIN	2019	-1	-0,1	2,3	3	4,8	6,6	10,6	10,8	8,2	5,5	3,5	1,4
T MEDIA	2020	10,4	12,6	12,1	14	18,2	18	22,5	20,3	19,3	14,9	13,6	10,4
T_MAX	2020	14,4	16,8	17,1	18,1	23,7	22,6	29,7	25,5	25,4	19,1	18,2	13,8
T_MIN	2020	1	2	3,2	5	9,4	9,2	10,2	9,8	9,1	5,1	4,7	0,7


T MEDIA	2021	8,7	12,4	12,4	14,3	15,1	18,6	19,3	20	19	16,2	11,5
T_MAX	2021	12,8	15,6	18,3	19,9	19,8	24,1	24,4	25,8	24,3	22	17,4
T_MIN	2021	-1,4	0,9	3,3	4,9	3,7	7,1	11,8	10,7	9,9	6,3	4,1




Grafica 8: Temperatura media dende 2011 a 2020 mes a mes



Gráfica 9: Dispersión da temperatura media dende 2011 a 2020



Grafica 10; Temperaturas medias das mínimas (2011-2020)



Grafica 11: Temperatura máximas segundo mes e ano (2011 – 2020)

## 4 DESCRICIÓN E DIAGNÓSTICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO

### 4.1 INTRODUCION


Os sistemas, como conxuntos de instalacións que conectan as zonas de extracción de augas coas acometidas domiciliarias, son en función do titular do aproveitamento de dous tipos: sistemas municipais e sistemas particulares ou veciñais.

De acordo á información obtida do “Informe técnico do sistema de abastecemento de O Salnés” (publicada por Augas de Galicia dentro do plan de abastecemento de Galicia). O concello de Meis é abastecido por 5 zonas de abastecemento.

Descríbimos a continuación as zonas:

- ZONA DE ABASTECIMENTO 1: PARADELA NORTE
- ZONA DE ABASTECIMENTO 2: A MOROZA
- ZONA DE ABASTECIMENTO 3: SAN MARTIÑO
- ZONA DE ABASTECIMENTO 4: VILANOVIÑA
- ZONA DE ABASTECIMENTO 5: NOGUEIRAS


No seguinte mapa detállanse estes aspectos:




LENDA					
Poboación fixa	Bombeos	Captacións	ETAP	Depósito	Rede
● 0 - 50 hab	● EN CONSTRUCCION	▲ EN CONSTRUCCION	◆ ETAP	■ EN CONSTRUCCION	— CONDUCCION EN CONSTRUCCION
● 50 - 100 hab	● EN PROXECTO	▲ EN PROXECTO	◇ ETAP A AMPLIAR	■ EN PROXECTO	— CONDUCCION EXISTENTE
● 100 - 500 hab	● EXISTENTE	▲ EXISTENTE	◇ ETAP FORA DE SERVIZO	■ FORA DE SERVIZO	— CONDUCCION EN PROXECTO
● 500 - 1000 hab	● FORA SERVIZO	▲ FORA DE SERVIZO	◇ ETAP A SUSTITUIR	■ EXISTENTE	— CONDUCCION PROPOSTA
● > 1000 hab	● PROPOSTO	▲ PROPOSTA	◇ ETAP EN EXECUCION	■ PROPOSTO	— CONDUCCION FORA DE SERVIZO
	● VECIÑAL	▲ VECIÑAL	◇ ETAP EN PROXECTO	■ VECIÑAL	— EN CONSTRUCCION
			◇ ETAP PROPOSTA		— EN PROXECTO
			◇ ETAP VECIÑAL		— EXISTENTE
					— PROPOSTA
					— VECIÑAL
					— FORA DE SERVIZO

Plano 6 Plan "Información de abastecemento, Concello de Meis" (fonte pagina web Augas de Galicia)

Completando este plan de abastecemento recollido da páxina web de Augas de Galicia, adxúntanse un plano máis completo de elaboración propia da rede de abastecemento do Concello de Meis:



Plano 7 Plan "Información de abastecemento, Concello de Meis (Norte)" (fonte: elaboración propia)



Plano 8 Plan "Información de abastecemento, Concello de Meis (Sur)" (fonte:elaboración propia)

Para entender correctamente esta rede é necesario referirnos brevemente ao contexto da Comarca, o sistema de abastecemento do Salnés.

## 4.2 BREVE DESCRICIÓN DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO SALNÉS

O sistema de abastecemento de Salnés abastece aos seguintes Concellos; Vilagarcía de Arousa, Sanxenxo, Cambados, O Grove, Vilanova de Arousa, Caldas de Reis, Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia e Meis

Non seguinte cadrou recóllese vos elementos principais dá devandita rede

- ETAP
- Captación



Plano 7. Sistema abastecemento mancomunidade do Salnés (fonte Augas de Galicia)

Polo tanto, a Mancomunidade do Salnés, a partir da captación realizada no Río Umia, desenvolve a rede de alta que da suministro a la Mancomunidade. A auga captada en Ponte Arnelas (Ribadumia) é impulsada á Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Monte Tresmisco. Desde a ETAP, condúcese a auga ata o depósito de rede de alta da Mancomunidade, situado a escasos metros da ETAP, de 10.000 m<sup>3</sup> de capacidade. Desde este depósito, régúlese a subministración de auga potable á esta rede de alta da Mancomunidade. Ademais deste depósito, esta rede de alta dispón de 8 depósitos reguladores en cola. A partir destas infraestruturas a Mancomunidade do Salnés inxecta auga ás redes de distribución de Meis en dous puntos, a través da arqueta de compra de auga de Zacande e a través da arqueta de compra de auga de Paradela.

### 4.3 INTRODUCCION O SISTEMA DE ABASTECIMIENTO MEIS

No Concello de Meis existen dous modelos de servizo de abastecemento: o modelo municipal e o modelo autónomo. Isto é debido principalmente á gran dispersión do concello, que conta con 96 núcleos, dos cales, máis do 90 % son núcleos diseminados.

O modelo municipal é o referido as redes municipais, de escasa importancia en comparación o modelo autónomo, referido as redes xestionadas polas comunidades de auga. Este último modelo mencionado, permite que un grupo de usuarios máis ou menos numeroso teña a posibilidade de servirse dunha captación, xa sexa esta un manancial, pozo ou corrente de auga, almacenar o recurso hídrico en

depósitos e dende alí conducilo ás súas propiedades, todo elo sen que interveña a administración máis que para cuestións concretas, como é o caso do outorgamento da concesión.

O sistema de abastecemento municipal do Concello de Meis está formado por 5 zona de abastecemento:

- ZONA DE ABASTECIMENTO 1: PARADELA NORTE
- ZONA DE ABASTECIMENTO 2: A MOROZA
- ZONA DE ABASTECIMENTO 3: SAN MARTIÑO
- ZONA DE ABASTECIMENTO 4: VILANOVIÑA
- ZONA DE ABASTECIMENTO 5: NOGUEIRAS

Descríbense a continuación, cada unha das zonas de maneira particular:

#### ZONA DE ABASTECIMENTO 1: PARADELA NORTE

A zona de abastecemento Paradela Norte abastece a zona da parroquia de Santa María de Paradela. Segundo os datos no INE de 2021, os núcleos abastecidos por esta zona de abastecemento, ten unha poboación de 806 habitantes.

ZONA DE ABASTECIMENTO	PARROQUIA	NÚCLEOS	Poboación Datos INE Ano 2021
	PARADELA (SANTA MARÍA)	CARREGAL *DISEMINADO*	20
		O CASAL *DISEMINADO*	56
		A GOULLA *DISEMINADO*	86
		LANTAÑÓN *DISEMINADO*	119
		LIÑARES *DISEMINADO*	13
		A MODIA *DISEMINADO*	24
		A MOROZA *DISEMINADO*	40
		MOUXÁN *DISEMINADO*	23
		MUIÑO DE ARRIBA *DISEMINADO*	49
		O NOVAL *DISEMINADO*	43
		OUTEIRO *DISEMINADO*	63
		PEDREIRA *DISEMINADO*	28
		PENABOI *DISEMINADO*	49
		POMPEÁN *DISEMINADO*	47
		PONTE NOVA *DISEMINADO*	49
AS PORTELAS *DISEMINADO*	52		
QUINTÁNS *DISEMINADO*	45		

Táboa 1. Núcleos abastecidos pola zona de abastecemento de Paradela Norte

Esta zona de abastecemento está formada por:

- 1 punto de compra de auga importada da Mancomunidade do Salnés no bombeo de Zacande.
- 1 punto de compra de auga importada da Mancomunidade do Salnés na arqueta de Paradela.
- Estación de bombeo de auga potable de Zacande.
- Depósito de cabeceira de Rias.
- Rede de distribución.

A zona de abastecemento de Paradela Norte é un sistema alimentado na súa maior parte dende un punto directo de compra de auga da Mancomunidade do Salnés na arqueta de Paradela, envíase directamente o núcleo de poboación de Paradela. Así mesmo, tamén se abastece unha parte con auga procedente do depósito de cabeceira de Rías.

#### ZONA DE ABASTECIMIENTO 2: A MOROZA

A zona de abastecemento de A Moroza está formada por un sistema sinxelo, o cal abastece ao núcleo de A Moroza. Segundo os datos no INE de 2021, o núcleo abastecido por esta zona de abastecemento é o núcleo de A Moroza, cunha poboación de 40 habitantes

ZONA DE ABASTECIMIENTO	PARROQUIA	NÚCLEOS	Poboación n Datos INE Ano 2021
